



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

NUM. 05/2016

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE PLENO DE DATA 26 DE ABRIL DE 2016

En Soutomaior a 26 de abril de 2016, sendo as trece horas e trinta minutos, e previa convocatoria ó efecto reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.^a M.^a Dolores Cernadas García, D.^a Cristina González Piedras, D.^a Noelia Ocampo González, D.^a Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D.^a María Mendiña Durán, D.^a M.^a Rosario Bouzón Martínez, D. Alejandro Pazos Míguez, D.^a Olalla Obelleiro Hermida e D.^a Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria-Interventora, D.^a Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 04/16

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión anterior, núm. 4/16, de data 31 de marzo de 2016.

A acta é aprobada por unanimidade dos membros do Pleno.

2º.- REFORMA CONSENSUADA DA LEI DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Dáse lectura ó ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior e de persoal que di:

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía que di:

“Resultando que o Parlamento de Galicia mediante a Lei 4/2012, do 12 de abril, creou a área metropolitana de Vigo cuxo ámbito territorial están delimitados polos municipios de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo.

Resultando que tras diversas reunións dos Concellos integrantes da área, a Dirección Xeral de Administración Local remitiu a proposta de modificación da Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo consensuada entre todos os concellos para o seu sometemento ao pleno da corporación.

Resultando que as Áreas Metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios de grandes aglomeracións urbanas, entre cuxos núcleos de poboación existan vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.



Resultando que co obxecto de impulsar o desenvolvemento da Área Metropolitana de Vigo e acadar sinerxías entre os Concellos e obtención de economías de escala, esta Alcaldía, propón aos membros do pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de Soutomaior presta a súa conformidade a proposta de modificación da Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Administración Local.”

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar a súa conformidade a proposta de modificación da Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Administración Local.

DEBATE

O Sr. Alcalde explica que foi o 20 de novembro de 1999 nunha xuntanza no Castelo, cando naceu a Declaración de Soutomaior, o xermen do que agora é a Area metropolitana de Vigo. Alí estaban 11 Alcaldes: Lois Castrillo (Alcalde de Vigo), Benigno Rodriguez (Alcalde de Baiona), Serafín Martinez (Alcalde de Fornelos), Carlos Silva (Alcalde de Gondomar), José Rial (Alcalde de Nigrán), Andrés Iglesias (Alcalde de Pazos), Jose Manuel Barros (Alcalde de Porriño), Xaime Rei (Alcalde de Redondela), Chicho (Alcalde de Salceda), Arturo Grandal (Alcalde de Salvaterra) e o Alcalde de Soutomaior.

O Sr. Lourenzo Sobral di que o documento que se trae a aprobación é susceptible de ser modificado no trámite parlamentario, terá diversas enmendas e verase como queda. Botan de menos cuestións que, ao seu xuízo, son importantes, como por exemplo o modelo de xestión dos recursos, se vai ser xestión directa ou indirecta. O importante neste debate non está tanto no como, senón que o importante é o por qué. Non lles interesa tanto o debate sobre como vai ser a área metropolitana senón o de se é necesaria, ou mesmo positivo que se cree a área metropolitana. Se preguntan: ¿Por qué área metropolitana?. ¿Soutomaior debe estar na área metropolitana de Vigo?. Prosigue decindo que a Area metropolitana ten moitísimas competencias, polo que preténdese crear unha nova estrutura administrativa para a xestión desas competencias. Partese enton dunha premisa que eles creen que é falsa, a de que para xestionar esta realidade urbana hai que crear unha nova estrutura administrativa. O problema non é que teñamos poucas administracións, senón que o problema é que temos moitas, e incluso algunhas duplicadas. Galicia é un dos lugares do mundo con máis administracións e estamos tratando de crear outra nova. Temos unha estrutura administrativa que non casa co noso país. Hai que buscar un sistema coherente e a estrutura propia histórica é a comarca, e deberían de suprimirse as deputacións. A única Area metropolitana que funciona é a de Barcelona, para turismo e transporte. Se podería chegar a un acordo entre concellos, como por exemplo para o transporte. Hai que buscar a estrutura que sexa máis barata para o Concello. Ademais a referencia urbana para moitos veciños non é Vigo senón Pontevedra. Se verá co paso do tempo si é bo ou non.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

O Sr. Alcalde di que por suposto que a creación da Area metropolitana é unha cuestión de vontade política. E respecto ó gasto, non vai supoñer ningún gasto adicional para os veciños. Non se pode comparar un Area metropolitana cunha mancomunidade. Todo o que sexa transferido á Area deberá selo coa partida correspondente.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai concellos do BNG que están de acordo e hai concellos ós que o que lles interesa desto é o transporte. A Mancomunidade tamén estaba pensada par ter un montón de competencias. O debae é en torno ó transporte e para iso sería suficiente ter un consorcio. O final vai ser un chiringuito mais que non resolvera os problemas dos veciños

VOTACIÓN

O Pleno do Concello, con oito votos a favor (dos membros do grupo político de PP e da membro do GM), e cinco votos en contra (dos membros do grupo político de BNG), adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar a súa conformidade a proposta de modificación da Lei 4/2012, da área metropolitana de Vigo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Administración Local.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e quince minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

ACTA DO PLENO
Número: 2016-0005 Data: 29/06/2016

